

O Titanic de Sálvora


LIBROS MARIO REGUEIRA marioregueira.gal/

Durante séculos a costa galega foi un lugar de paso obrigado para o tráfico marítimo internacional. Unha vía caracterizada pola súa situación estratéxica, pero tamén pola súa perigosidade, xa que as condicións xeográficas e climatolóxicas favorecían un alto número de accidentes. Aínda que algúns destes eventos quedaron marcados a ferro dentro da nosa cultura, especialmente a nivel local, o que é certo é que a súa época foi sobordada tecnoloxicamente e están, cada vez máis, ao borde do esquecemento. Tal e como apunta Manuel Núñez Singala en varios momentos deste libro, accidentes como o do Titanic forman parte da nosa bagaxe cultural dentro dun mundo globalizado, pero ignoramos outros que se deron contemporaneamente nas nosas propias costas. *Noite de temporal* está dedicado a un deles, o que sufriu nos primeiros días do ano 1921 o vapor correo Santa Isabel diante da illa de Sálvora. Tanto o feito lutuoso, no que

pereceron 213 persoas dunha pasaxe de 268, como o valor e solidariedade no rescate dos superviventes demostrados polas habitantes da illa e doutros lugares próximos foron feitos ben coñecidos durante a súa época. Tal foi a magnitude da traxedia que non é estraño atopar referencias ao feito que falan do “Titanic de Sálvora”.

Este suceso é o que Manuel Núñez Singala trata de recrear

en *Noite de temporal*, unha novela breve que conta cunha documentación minuciosa e exhaustiva sobre o acontecemento. E seguramente este dato relativo á súa vinculación cos feitos sexa simultaneamente o mellor e o peor que pode dicirse da obra. O mellor porque o autor trata de ofrecernos (particularmente ao lectorado máis novo que é ao que vai dedicada a obra) unha historia posíbel dos acontecementos daquela noite de xaneiro de 1921, empregando datos reais, como os nomes de persoas involucradas no naufraxio e outras referencias biográficas. Estas persoas, tanto as que ían a bordo do Santa Isabel como as que asistiron e participaron desde a costa, serven para crear un protagonista colectivo, unha rede de puntos de vista que detalla o acontecemento desde o pánico dos primeiros momentos do accidente até as tarefas de rescate. Nese sentido, *Noite de temporal* é case unha novela-documental, se tal xénero fose posíbel, ben preocupada en crear un relato fiel dun acontecemento do que se rastrearon as evidencias históricas. Ao mesmo tempo, porén, dá a sensación de que esa documentación (aludida constantemente nuns paratextos excesivos) obsesiona o autor sen deixarlle a liberdade necesaria para crear unha historia capaz de apaixonar e seducir completamente o lectorado, achegándose por momentos a un ton frío e profesoral no que custa entrar. Virtude ou defecto, este dobre fío serve, porén, para devolvernos memoria e detalles da nosa propia historia.



Aluguer DVD e vídeo baixo demanda desde o 5 de xaneiro.

Detroit / Kathryn Bigelow / EUA 2017 / 143 min.

Non se pode apagar o lume botando máis gasolina

CINEMA ANDRÉS CASTRO

Ano 1967, declárase o estado de emerxencia en Detroit. A policía e máis a Garda Nacional controlan unha zona tratando de aplacar as revoltas diarias e os roubos.

Kathryn Bigelow fixo historia no ano 2010 ao se converter na primeira muller en gañar un Oscar de Hollywood na categoría de Mellor Dirección. Fíxoo con *En terra hostil* (ver *Sermos* nº185), un filme ambientado na Guerra do Iraq. Dous anos despois tratou de repetir éxito con *A noite máis escura*, desta volta arredor da captura de Osama Bin Laden, mais non estivo nomeada nesta categoría (aínda que si a Mellor Filme). Vólveo intentar agora con *Detroit*, un filme sobre os conflitos raciais acontecidos en 1967 nun gueto desta cidade, un dos máis sanguentos que se recordan. Aborda o tema tal e como se dun filme de guerra se tratase, de feito hai tanques, despregamento militar (da Garda Nacional e da División Aerotransportada) e unha morea de tiros. Igual o feito de que os tres filmes teñan un guión escrito pola mesma persoa (Mark Boal) ten algo que ver nesta “casualidade bélica”.

Poñámonos en antecedentes. Na madrugada do 23 de xullo, a policía fai unha redada nun bar sen licenza. Todos os seus integrantes son de raza negra. Mentres os meten nas furgonetas, unha caterva de xente acumúlase arredor protestando. A cousa sobe de ton e comezan

a lanzar obxectos contra os policías que foxen por patas. Iníciase entón unha sucesión de tumultos e revoltas que teñen como consecuencia unha serie de roubos e incendios ao longo de toda a zona. As autoridades declaran o estado de emerxencia, un intento desesperado de conter a situación pola forza bruta. Pero todo o mundo sabe que non se pode apagar o lume botando máis gasolina.

O filme céntrase no acontecido no Hotel Algiers, onde conflúen varias historias: a dun policía que trata de facer as cousas ben, outro que ten o gatillo fácil, dúas prostitutas e dous músicos. Após

UN FILME SOBRE OS CONFLICTOS RACIAIS ACONTECIDOS EN 1967, NUN GUETO DE DETROIT, DOS MÁIS SANGUENTOS QUE SE RECORDAN

unha desafortunada brincadeira dun dos hóspedes, todas as forzas de seguridade asaltan o hotel na procura dun francotirador. As cousas comezan a poñerse caóticas e cada vez máis tensas até chegar a un punto de non retorno que marcará as vidas de todos os alí presentes para sempre.

Brutal presentación e desenvolvemento de personaxes no que destacan Will Poulter (*O renacido*), como policía racista, pero cheo de matices, que se fai co control da situación ao máis puro estilo daquel nazi de *O libro negro* (2006, Paul Verhoeven); tamén Hanna Murray (Gilly en

Xogo de tronos), as prostitutas brancas e negras; e un esforzo (Star Wars VII e VIII) que ten máis resistencias que o soldado “traidor”.

Como non pode ser de outra forma, ten unha acción perfecta con vestimenta (Jamson-Tamchuc dunha nación), música (Marvin Gaye, The Dramatics) e unha coa partitura de John Williams (Howard) (Batman transportan aos actores e chiscan de ollos coa consecuencia).

Mágoa que na película de Kathryn Bigelow enlame na acción xudicial onde o único vencedor son as consecuencias dos terribes actos de presenciar. Pero con media hora na película máis, moito. A parte final calzador, o cal non se en realidade era. Vaíamos por parte tramo final, Bigelow a oportunidade de mensaxe de pesimismo e pesimismo ante cousa imposible e ser a finalidade de outra banda, se a pouco máis o traí moi probábel que poríámonos xa na duración, cousa que non ser que caese grandeza. Así que pola opción mentese final que nos beizos. E é que... os finais *made in* sinónimo de fina